

**PROXECTO
EDUCATIVO
DO CENTRO**

C.E.I.P MONTEL TOUZET

A CORUÑA

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	Páx
1.1.Xustificación.....	1
1.2.Definición.....	1
1.3.Finalidades intrínsecas.....	2
II. ANÁLISE DO CONTEXTO (¿Onde estamos?)	
2.1.Lexislación vixente.....	3
2.2.Situación socioeconómica e cultural que afecta ó Centro.....	4
2.3.Tipoloxía do Centro.....	5
2.4.Estructura e Funcionamento.....	6
III. NOTAS DE IDENTIDADE (¿Quen somos?)	
3.1.Confesionalidade.....	9
3.2.Língua de aprendizaxe.....	9
3.3.Líña metodolóxica.....	9
3.4.Pluralismo e valores democráticos.....	10
3.5.Coeducación.....	10
3.6.Modalidade de xestión institucional.....	11
3.7.Oferta de Idiomas.....	11
3.8.Adscrición a Instituto.....	12
IV. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS (¿Que pretendemos?)	
4.1.Ámbito pedagóxico.....	13
4.2.Ámbito institucional.....	13
4.3.Ámbito administrativo.....	14
4.4.Ámbito humano e de servizos.....	14
V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA (¿Con que medios?)	
5.1.Área de coordinación e xestión.....	15
5.2.Área didáctica.....	15
5.3.Área de participación e convivencia.....	16
5.4.Área de orientación.....	16
5.5.Área de actividades complementarias e extraescolares.....	16
5.6.Agrupamento do alumnado.....	17
5.7.Temporalización da planificación e avaliación.....	18
5.8.Área de servizos.....	18

VI. ANOTACIÓNS FINAIS

6.1.Elaboración.....	19
6.2.Coñecemento e difusión.....	19
6.3.Avaliación.....	19
6.4.Modificacións.....	20
6.5.Aprobación.....	20

I. INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN

A práctica cotidiá demostra que os modelos de xestión baseados en actuacións meramente intuitivas, inconexas, contradictorias ou que obedecen a situacións de urxencia, xeneran provisionalidade, incertidume, esforzos estériles....

Si ó anterior, engadimos as actitudes encamiñadas a lograr unha mellora da calidade do ensino; iso contribúe a que cada vez sexa maior o número de profesores/as,pais/nais,etc...que intentan poñer en marcha estratexias de acción máis coordinadas e racionais.

Non obstante hai circunstancias que dificultan a consecución de estos obxectivos, como poden ser entre outras:

-O Centro Escolar non é unha empresa convencional. Por un lado traballa tentando conseguir os obxectivos educativos e por outro procura satisfacer os intereses e necesidades de toda a comunidade educativa.

-O Centro Escolar é unha organización á que a sociedade encomenda o logro de múltiples e variados obxectivos.

-A Institución Escolar é unha organización que non sempre dispón de tempo para a súa xestión. Necesita instrumentos e pautas que permitan:

- Evitar a improvisación e a rutina
- Racionalizar o traballo docente
- Reducir a incertidume, contradicións e esforzos inútiles
- Coordinar as actuacións de tódolos membros da comunidade educativa
- Racionalizar o uso do tempo
- Clarificar os obxectivos da institución
- Xenerar motivación e incentivos para o traballo do profesorado
- Avaliar formativamente de forma periódica a acción escolar
- Facilitar a confluencia de intereses

1.2. DEFINICIÓN

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) é un instrumento con proxección de futuro, pensado e elaborado colectivamente pola comunidade escolar a partir da análise da súa propia realidade, que actúa de xeito coherente sobre a práctica docente coa intención de melloralala, dotando ós centros da eficacia necesaria para alcanzar os obxectivos pretendidos.

1.3. FINALIDADES INTRÍNSECAS

Entre as múltiples finalidades intrínsecas do PEC podemos destacar as seguintes:

- a) Establece o ideario ou liña definitoria do tipo, estilo ou modelo de educación que se quere impartir ó alumnado.
- b) Configura paulatinamente un estilo e da carácter e personalidade ó Centro.
- c) Determina os valores que se asumen.
- d) Perfila a educación do alumnado e os principios que deben orientala.
- e) Permite avanzar na liña prevista e correxir as desviacións observadas.
- f) Senta as bases para establecer un clima escolar favorable.
- g) Dá coherencia as distintas actuacións que del se desprenden.
- h) É o resultado da reflexión e acordo dos responsables do Centro.

II. ANÁLISE DO CONTEXTO (¿Onde estamos?)

2.1. LEXISLACIÓN VIXENTE

As institucións escolares están sometidas a un extenso inventario de prescricións que emanan das leis, disposicións e regulamentos e que é preciso analizar.

Unha lectura estricita da letra de este conxunto de preceptos pode, en ocasións, xenerar limitacións a unha xestión áxil e singular de cada Centro. Pero, por outra banda, sería erróneo diseñar estratexias de acción, pretendendo ignorar que as leis escolares existen que afectan sensiblemente á autonomía e singularidade dos Centros e que, ademáis, é necesario cumprilas.

Entendemos que o idóneo é coñecer e acomodar tales leis a cada realidade escolar, de tal xeito que xurdan estratexias de xestión autónomas.

É por iso que a continuación, enuméranse os principios preceptos legais nos que está baseado o presente PEC:

- Constitución Española, do 27 de Decembro de 1978.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de Abril, do Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia.
- L.O.D.E (Lei 8/1985, do 3 de Xullo, reguladora do dereito á educación).
- L.O.X.S.E.(Lei 1/1990, do 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo).
- L.O.P.A.G.C.E.(Lei 9/1995, do 20 de Novembro, de Participación, Avaliación e Goberno).
- Lei 7/1980, do 5 de Xullo, sobre liberdade relixiosa.
- Lei 3/1983, de 15 de Xuño, de Normalización Lingüística e disposicións que a desenvolven.
- Lei 13/1982, do 7 de Abril, de integración social dos minusválidos.
- Decreto 426/1991, do 12 de Decembro, que establece o currículo de Educación Infantil.
- Decreto 245/1992, do 30 de Xullo, que establece o currículo de Educación Primaria.

- Decreto 92/1988, do 28 de Abril, polo que se regulan os órganos de goberno.
- Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Ordes, Instrucións e Circulares da administración educativa.

Esta normativa afecta a: opción confesional, uso das linguas, horarios, modelo de xornada, adscripción do profesorado, competencias dos órganos de goberno, agrupamento e promoción do alumnado, orzamento, calendarios e tódalas tarefas administrativas.

2.2. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL QUE AFECTA Ó CENTRO.

O CEIP Montel Touzet atópase situado na zona da cidade de A Coruña coñecida como “Cidade Vella” que é a parte máis antiga da cidade.

A maioría do alumnado reside na delimitación xeográfica que lle corresponde ó Centro segundo as zonas establecidas polo Concello e case todos/as veñen andando, sendo contados os alumnos/as procedentes doutras zonas da cidade ou localidades, quenes utilizan os transportes públicos ou vehículos particulares para desprazarse ata o Colexio.

As rúas do barrio en xeral son estreitas e a meirande parte dos edificios teñen bastantes anos de antigüidade, aínda que nos últimos tempos estanse levando a cabo obras de restauración e mellora, así como construción de novos edificios, polo que tende a mellorar o nivel e calidade de vida que ofrece a zona.

En canto a servizos sociais, a zona conta con outros centros escolares. Os parques e espazos de recreo e xogo existentes son escasos e mal acondicionados e non hai zonas deportivas propiamente ditas; non hai tampouco cines nin teatros.

Existen algunhas asociacións culturais e deportivas e o barrio atesoura edificios relixiosos así como edificacións históricas que outorgan á zona unha gran monumentalidade.

A poboación está configurada por familias asentadas dende fai tempo no barrio xunto cos residentes máis recentes procedentes doutros pobos, localidades ou barrios da cidade e que soen instalarse nas edificacións máis novas.

Dende o punto de vista económico e laboral a situación é diversa. Hai familias nas que soamente realiza un traballo remunerado un dos proxenitores e outras nas que o realizan ámbolos dous.

Cada vez con máis frecuencia preséntanse situacións de separacións conxugais, moitas veces traumáticas para os fillos/as e que inciden negativamente no seu desenvolvemento persoal e académico.

Asemade estase a producir unha chegada de inmigrantes que se instalan na barriada co conseguinte aporte de alumnado ó Centro.

A lingua habitual de uso é o Castelán, tanto no seo das familias como fóra delas, aínda que hai que salientar o non-rexeitamento cara ó estudio da Lingua Galega, quizais porque sexa esta a que se usa a nivel coloquial en moitas ocasións.

2.3. TIPOLOXÍA DO CENTRO

O CEIP Montel Touzet está ubicado no nº1 da Rúa Herrerías, Apartado 15001 de A Coruña e acolle os niveis de Educación Infantil e Primaria. Ó ser un Colexio Público, a titularidade osténtaa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Na actualidade ten 2 unidades de Educación Infantil e 6 de Primaria. O Código do Centro é 15004991.

O edificio data de fai moitos anos e consta de dúas prantas. Dende fai varios cursos, na pranta baixa están as aulas de Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria e na pranta alta atópanse as aulas do 2º e 3º Ciclo de Educación Primaria. As restantes dependencias do edificio están destinadas a: aulas diversas, tarefas administrativas, servicios, aseos, etc...

Asemade hai un patio exterior, no que existe un espacio cuberto.

A xornada escolar no CEIP Montel Touzet, na actualidade desenvólvese en sesión única de mañá (9:00 horas a 14:00 horas de Outubro a Maio, ámbolos dous inclusive e de 9:00 horas a 13:00 horas durante os meses de Setembro e Xuño).

O alumnado do Centro distribúese en 2 aulas de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria, atendidos por profesores/as especialistas e xeralistas, asemade hai unha conserxe e a limpeza está a cargo dunha empresa licitada polo Concello.

A financiación do Centro baséase na dotación da Xunta de Galicia e o Concello fai unha aportación para pequenas reparacións.

2.4. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO

O alumnado distribúese por niveis e a promoción faise por ciclos. Os alumnos/as que non acadan os obxectivos mínimos do ciclo poden permanecer un ano máis no mesmo ou promocionar ó seguinte. En todo caso, aténdese especialmente ós alumnos/as que presentan dificultades para seguir o nivel correspondente.

Ó inicio de cada curso, establécense os Equipos de Ciclo, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Todos eles reúnen periodicamente e tamén cando hai que tratar asuntos puntuais.

As relacións de participación dos pais e titores baséanse en reunións por titorías ou en reunións individuais cos titores ou profesores.

Pola súa banda a APA do Centro oferta e xestiona diversas actividades extraescolares de tipo cultural e deportivos.

Para facer unha análise de funcionamento do Centro, o profesorado cumprimentou o cuestionario denominado QUAFE 80 e as respostas dadas ós diferentes ítems e ás conclusións correspondentes foron as seguintes:

RESPOSTAS—QUAFE80

ITEMS		A	B	C	D	E
1	Actitudes,coñecementos, pautas de conducta,creatividade	5	5	1		
2	Habilidades instrumentais básicas	6	5			
3	Orientación escolar e persoal dos alumnos/as	5	5	1		
4	Orientación da aprendizaxe	10	1			
5	Técnicas didácticas	4	5	1		
6	Aprendizaxe e situación concreta dos alumnos/as	1	7	3		
7	A comunicación no grupo-clase	1	6	2		1
8	Organización do grupo-clase	6	4	1		
9	Avaliación do progreso dos alumnos/as	8	3			
10	Definición, adecuación e aceptación dos obxectivos	4	6			
11	Participación na elaboración e revisión do proxecto	5	2		3	
12	Valores que orientan o proxecto	6	3	2		
13	Funciones e órganos de xestión	2	1	3	5	
14	Toma de decisións	2	3	2	4	
15	Coordinación	4	5		1	
16	Control-regulación do funcionamento do Centro	2	6	1	1	
17	Comunicación-información	2	3		5	
18	Condicións persoais e relación cos alumnos/as		6	5		
19	Adecuación das condicións profesionais e as necesidades da escola	10	1			
20	Relación coas familias	5	2	3		
21	Relación coa sociedade	2	8			
22	Recursos materiais e didácticos	2	2	7		
23	Utilización dos recursos económicos	1	2		6	
24	Implicación	2	3	2	1	
25	Relacións persoais		6	2	1	
26	Ambiente de traballo	1	7		1	1

CONCLUSIONES

A continuación recóllense ordenadas numéricamente por ítems as conclusións obtidas.

- 1) Obsérvase unha falla de coordinación e implicación para mellora-la convivencia, pautas educativas, etc...
- 2) Non hai liñas de actuación que se manteñan de principio a fin.
- 3) Están sen definir as liñas titoriais e orientadoras.
- 4) Bótase en falla unha metodoloxía de Centro.
- 5) Non existen técnicas didácticas comúns.
- 6) Recoñécese unha inquedaanza entre o profesorado pola atención individualizada.
- 7) Destácase que a comunicación no grupo é importante.
- 8) Non hai criterios comúns para a organización do grupo-clase.
- 9) É necesario establecer criterios de avaliación e promoción.
- 10) Cómpre definir uns obxectivos que doten de personalidade ó Centro.
- 11) Están sen concretar as liñas de actuación.
- 12) Non están definidos os valores do Centro.
- 13) Obsérvase un funcionamento bastante axeitado.
- 14) Detéctase a necesidade de consensuar as decisións.
- 15) Hai intentos de coordinación en algúns sectores e órganos de xestión en feitos puntuais, pero sen continuidade. Non se traballa coordinadamente.
- 16) Non hai consenso entre os diferentes estamentos. En algúns casos concretos revísanse e contrástanse opinións.
- 17) Un 50% cree que debería mellorarse, e o outro 50% que é fluída.
- 18) Tanto a autoridade, como o rigor e flexibilidade deberían mellorarse, e bótase en falla, en xeral, a axuda e apoio dos pais.
- 19) Priman os criterios de antigüidade ou tradición, así como persoais por enriba das situacións que favorecerían un mellor rendemento de cara ó Centro.
- 20) A metade considera que hai pouca relación pais-profesorado, e o resto que é a formalmente lexislada. En todo caso, estímase que debería mellorarse.
- 21) Hai pouca apertura, en xeral, ó entorno inmediato: barrio, cidade.
- 22) O profesorado está informado e plantéxanse propostas, aínda que non se utilizan tódolos recursos porque non están ordenados e aproveitados.
- 23) A maioría pronúnciase no senso de que hai unha utilización dos recursos aceptable.
- 24) Hai diversidade de respostas, pero das mesmas, despréndese que debería haber máis implicación.
- 25) Sería de desexar unha mellor relación, máis contínua, para que repercutise favorablemente no traballo.
- 26) A actitude cara os condicionantes do traballo é aceptable en situacións concretas, aínda que o ambiente de traballo podería ser mellor

III. NOTAS DE IDENTIDADE

O CEIP Montel Touzet é un Centro Público, e polo tanto hai uns rasgos de identidade que están determinados pola lexislación e sobre os que non pode haber interpretacións diferentes.

Nembargantes hai cuestións sobre as que é preciso manifestarse, tales como:

3.1. CONFESIONALIDADE

O Centro maniféstase plural en canto as creenzas relixiosas, respetando as de cada membro da Comunidade Educativa e renunciando a calquera tipo de adoctrinamento, proselitismo ou sectarismo.

3.2. LINGUA DE APRENDIZAXE

Polo feito de ser Galicia unha Comunidade que ten dúas linguas oficiais, cómpre manifestar cal é a lingua vehicular propia do Centro.

Tendo en conta as características lingüísticas do alumnado que accede ó Centro, na etapa de Educación Infantil, as aprendizaxes desenvolveranse maioritariamente en Lingua Castelá.

Na Educación Primaria, ás áreas de Lingua Galega e Coñecemento do Medio que veñen prescritas en Galego, engádese a Educación Física.

Asemade e coa finalidade de contribuir á Normalización Lingüística da Lingua Galega, potenciaranse actividades tendentes a que a devandita lingua sexa vehicular no ámbito escolar.

En todo caso, deberase garantir que ó remate da escolaridade, o alumnado teña un coñecemento oral e escrito axeitado das dúas linguas oficiais.

3.3. LIÑA METODOLÓXICA

Máis que establecer unha liña metodolóxica estricta e ríxida, poucas veces acadable, entendemos que debe primar o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos tratando de acadar puntos de encontro en torno á: observación directa, aprendizaxes significativos, actividade, alternancia entre individualización e socialización, descubrimento e funcionalidade das aprendizaxes, etc...

A nosa estratexia metodolóxica baséase no método activo, globalizador, socializador e individualizado. Na transmisión de coñecemento adoitaranse sistemas que impliquen a participación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, fomentando unha actitude curiosa, crítica e de búsqueda. Tentarase conseguir do alumnado unha posición aberta e receptiva cara ós cambios que permanentemente están xurdindo na sociedade que lles toca vivir.

Consideramos indisociable a aprendizaxe de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Seguindo as etapas evolutivas do alumnado búscase o axuste e a harmonía das facultades mentais, afectivas, decisorias e activas de maneira que cada quen se prepare para asumir as súas responsabilidades como persoa inmersa nunha colectividade e cultura concreta.

A labor educativa sostentarase no respecto mútuo, na reflexión, no diálogo. Asemade consideramos fundamental a disciplina, entendéndoa como instrumento de convivencia e non como imposición coercitiva. Destacamos o xogo xunto con outras actividades diversas como recursos indicados para favorecer as relacións, integracións, motivacións, etc...

O profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes.

3.4. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Debemos garantir a formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia dentro dos principios democráticos da convivencia.

Polo tanto a educación desenvolverase no marco da tolerancia e respecto de todos e cada un dos individuos que conforman a Comunidade Escolar. Non se poderá exercer ningún tipo de coacción sobre conviccións ideolóxicas ou crenzas determinadas.

Creemos nunha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar. Consideramos moi importante que o alumnado aprenda a convivir cos demais compañeiros/as, independentemente das diferencias que existan entre eles. Interésanos unha formación ética, moral e cívica baseada nos dereitos humanos.

Respecto ós valores democráticos, considerámoslos en dúas vertentes: a xestión do Centro e a transmisión de valores educativos.

O Centro debe transmitir ó alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática, a tolerancia e a satisfacción polo traballo ben feito, xa que logo contribúe eficazmente ó desenvolvemento dunha sociedade máis xusta.

3.5. A COEDUCACIÓN

A coeducación supón a superación da Escola Mixta, isto é o simple resultado de convivir nenos e nenas nunca mesma aula en un mesmo Centro.

Nós decantámonos por orientar a actividade cara unha educación para a igualdade de oportunidades sen discriminacións por razóns de sexo, superando mitos e tabús que, tradicionalmente, asigna roles diferentes ás mulleres e ós homes.

Isto determina unha metodoloxía didáctica que trata de evitar conductas sesgadas e que debe procurar proporcionar ó alumnado imaxes diversificadas e non convencionais de un e outro sexo.

Neste senso consideramos fundamental:

- Uso de linguaxe non sexista.
- A utilización non sexista como criterio na elección de libros de texto e lecturas complementarias.
- Propostas non sexistas na orientación escolar.
- Despertar o espírito crítico para que por sí mesmos, sexan capaces de rexeitar os rasgos sexistas que, aínda hoxe, permanecen de feito na sociedade.
- Ter en conta o criterio coeducativo para facer os agrupamentos nas actividades escolares.
- Campañas de sensibilización, uso de imaxes diversificadoras, etc...

3.6. MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL

Preconizamos para o noso Centro unha xestión participativa e democrática dos distintos estamentos que configuran a Comunidade Escolar.

Tódolos órganos de xestión asumirán as súas responsabilidades e exercerán o seu labor en función das mesmas.

A actitude positiva do diálogo familia-profesorado elimina moitas tensións, por iso resulta imprescindible favorecelo coa finalidade de unificar criterios e facer axustes precisos cara unha pedagogía axeitada á realidade.

Potenciaranse as relacións entre o Centro e as distintas administracións, entidades e organizacións que poidan contribuir a mellorar a calidade do ensino.

Para cada ámbito de xestión, sexa curricular ou administrativo, deberase concretar que axentes participan (Claustro, Consello Escolar, Pais,..) e con que tipo de funcións: planificadora, de desenrolo, de execución, de control, etc...

3.7. OFERTA DE IDIOMAS

O currículo de Educación Primaria establece a lingua estranxeira como área obrigatoria e dispón, con carácter xeral, o inicio da apredizaxe da mesma no segundo ciclo desta etapa.

Á vista do exposto e tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado, o Centro oferta como único idioma o inglés.

Asemade, o Centro participa no proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo Ciclo de Educación Infantil e no primeiro Ciclo de Educación Primaria.

3.8. ADSCRIPCIÓN Ó INSTITUTO

O CEIP Montel Touzet está adscrito ó IES Adornideras polo que o alumnado que ó rematar a educación primaria e para continuaren cos estudos desexen facer a reserva de praza no IES Adornideras, solicitarán a dita reserva no CEIP Montel Touzet, quedando automaticamente admitidos sen necesidade de novo proceso de admisión.

IV. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS

Partindo por un lado da análise do contexto e das notas de identidade do Centro e por outro de que o fin primordial da educación é contribuir ó desenvolvemento integral e armónico de tódalas capacidades físicas, intelectuais, afectivas, sociais e morais da persoa, o Centro propón os seguintes obxectivos:

4.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Fomentar valores democráticos como a solidariedade, tolerancia, colaboración e respecto cara outras ideas, persoas e cousas.
- Potenciar hábitos de responsabilidade, constancia, espírito de traballo, observación, experimentación, asimilación e expresión segundo o estado evolutivo dos alumnos/as.
- Favorecer o desenvolvemento de capacidades tales como o espírito crítico, a creatividade e a iniciativa persoal.
- Traballar sistematicamente as habilidades instrumentais básicas ó longo de toda a etapa de Educación Primaria.
- Lograr que ó remate da Educación Primaria o alumnado teña o correcto dominio das dúas linguas oficiais tanto oralmente como por escrito, de maneira que poidan proseguir os seus estudos na ESO sen dificultades.
- Entender a avaliación como parte integrante do proceso educativo, que ten por finalidade obter a información que permita adecuar o proceso de ensino ó ritmo de aprendizaxe de todos e cada un dos alumnos/as.
- Conseguir que os procesos de ensino-aprendizaxe, sexan de tipo constructivo, significativo e funcional.
- Tentar conseguir a coordinación dos diferentes recursos humanos e materiais para dotar de unidade e coherencia a todo proceso educativo.
- Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados coas tradicións e patrimonio cultural da nosa Comunidade Autónoma, para que o alumnado as coñeza, as respete e as conserve.
- Comprometerse solidariamente na defensa do entorno medio-ambiental, potenciando o tratamento dos temas transversais.

4.2. ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Fomentar hábitos de participación, democratización e convivencia.
- Favorecer a participación do profesorado en actividades de Formación Permanente.

- Potenciar a participación de toda a comunidade educativa e institucións na vida do Centro.
- Facilitar o uso das instalacións do Centro para actividades sen ánimo de lucro.
- Transmitir información ás familias dos alumnos/as sobre o proceso instructivo e formativo dos mesmos/as.
- Fomentar o respecto pola institución e órganos colexiados e unipersoais do Centro.
- Favorecer a relación con outros Centros de ensino e cos IES...etc nos que o noso alumnado continúe a súa formación.

4.3. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Dotarse dos instrumentos e medios precisos para facilitar a xestión do Centro.
- Regular as funcións e ámbito de actuación de cada órgano de goberno ou de xestión, evitando solapamentos, intrusismos ou inxerencias duns órganos noutros.
- Facilitar á Comunidade Educativa o acceso á información sobre a normativa vixente relacionada ca xestión e organización do Centro.

4.4. ÁMBITO HUMANO E DE SERVICIOS

- Potenciar o diálogo como vía de solución a calquera problema que poida xurdir.
- Acadar a implantación, respecto e observancia do Regulamento de Réxime Interior (RRI) como norma de convivencia no Centro.
- Manter coas familias canles de información o máis directas posibles, recoñecéndolas como parte integrante da educación.
- Inculcar valores de tolerancia como xeneradores dunha boa convivencia. Traballar sistematicamente na consecución da cortesía no trato como algo natural.
- Fomentar a coordinación entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.

V. ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS

A estrutura do CEIP Montel Touzet está formada por un conxunto de elementos (órganos unipersoais e colexiados, equipos docentes, titorías, comisións, APA, etc...) e polas relacións que se establecen entre os mesmos.

As normas para regular a convivencia figuran no Regulamento de Réxime Interior, mentras que a regulamentación especificamente académica contemplárase no Proxecto Curricular de Centro.

Organizativamente, a estrutura concrétase do seguinte xeito:

5.1. ÁREA DE COORDINACIÓN E XESTIÓN

Está formada polos seguintes órganos unipersoais: Director/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a que conforman o Equipo Directivo.

Tanto a elección do Director/a como a designación do Xefe/a de Estudos e Secretaria/a, así como a duración dos seus cargos, competencias e funcións veñen reguladas polos Decretos e Ordes que establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O Equipo Directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións e para elo deberá terse en conta ó elaborar os horarios os tempos de reunión dos seus membros.

O Equipo Directivo, dirixido e coordinado polo Director/a do Centro, deberá responsabilizarse das seguintes funcións:

- Estudio e presentación ó Claustro e o Consello Escolar de propostas para facilitar e fomentar a participación coordinada de toda a Comunidade Educativa na vida do Centro.
- Transmisión de información en tódolos sentidos.
- Distribución de tarefas, planificación de actividades, avaliación de tarefas realizadas, análise dos problemas que poidan xurdir no Centro e posible solución dos mesmos e como norma xeral, posta en práctica de actuación que redunden nun bo funcionamento do Centro.

5.2. ÁREA DIDÁCTICA

Está formada polo Claustro de Profesores/as e os Órganos de Coordinación Docente.

Claustro de Profesores/as: Está integrado pola totalidade do profesorado que preste servizo no Centro e será presidido polo Director/a. As competencias do mesmo regúlanse polos Decretos e Ordes que a Consellería de Educación establece ó respecto.

Órganos de Coordinación Docente: En este apartado inclúense na actualidade os seguintes:

- Equipos de Ciclo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipo de Normalización Lingüística
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

A regulación dos diferentes Órganos de Coordinación Docente determínaa a Consellería de Educación de Ordenación Universitaria.

5.3. ÁREA DE PARTICIPACIÓN E CONVIVENCIA

Nesta área encádranse o Consello Escolar e a Asociación de Pais de Alumnos/as (APA).

O Consello Escolar do Centro é o órgano de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa e está regulado segundo o establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os pais, nais, titores/as poden constituir asociacións no centro. As competencias das devanditas asociacións establécenas a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5.4. ÁREA DE ORIENTACIÓN

A titoría e a orientación do alumnado formará parte da función docente. Cada grupo de alumnos/as terá un mestre/a titor/a.

As funcións do profesor/a titor/a veñen reguladas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Na actualidade o CEIP Montel Touzet está adscrito ó Departamento de Orientación do CEIP Sanjurjo de Carricarte que intervén nos ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica e académica.

5.5. ÁREA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Están reguladas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Considéranse actividades complementarias as actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación teñen carácter diferenciado polo espazo, momento ou recursos que se utilizan. Considéranse así as visitas, traballos de campo, conmemoracións, etc... Deben figurar na Programación Xeral Anual (PXA), e requirírase a autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra da localidade, sendo a participación nelas do alumnado voluntaria.

Aínda que cada curso se establece un programa destas actividades, o CEIP Montel Touzet ten implantadas, en xeral, as seguintes: saídas culturais, itinerarios pola cidade, visitas a Bibliotecas e Museos, asistencia a audicións musicais e concertos, xunto coa participación en todo tipo de actividades propostas por entidades que redunden en beneficio da actividade educativa.

Como actividades extraescolares contémplanse aquelas que, sendo organizadas polo Centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc... e figurando na Programación Xeral Anual, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

Dende fai anos a APA do Centro encárgase de organizar diferentes actividades extraescolares ofertadas polo Concello de A Coruña, xunto con outras ofertadas pola propia APA, como son os festivais, etc...

Pola súa banda o claustro e algún grupo de pais, nais, titores/as de alumnos/as soen organizar saídas do alumnado, conxuntas ou de algún grupo de alumnos.

A Comunidade Educativa, a través do Consello Escolar, fomentará a organización de actividades escolares, complementarias e extraescolares.

5.6. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Coherentemente cos plantexamentos pedagóxicos e didácticos propostos, consideramos que o agrupamento do alumnado debe ser flexible, xa que permite un mellor desenvolvemento dunha pedagogía activa, e un maior dinamismo no proceso ensino-aprendizaxe.

Segundo as situacións puntuais na aprendizaxe propoñemos a formación de grupos pequenos cando a situación requira que o traballo sexa en equipo coa finalidade de producir un resultado común, e en gran grupo, para as explicacións ou orientacións xerais do profesor/a, así como nas postas en común para analizar o traballo realizado.

Cando o alumno deba traballar só manterase a individualidade para favorecer o traballo.

En todo caso, evitarase a formación de grupos en orde á capacidade intelectual, rendemento académico ou calquera outra clasificación discriminatoria, coa finalidade de favorecer a integración en tódolos seus aspectos.

5.7. TEMPORALIZACIÓN DA PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN

Consideramos igual de importante o tempo adicado as tarefas propiamente académicas como ás de planificación, reunións, postas en común para transferir información, programar, analizar problemas, xestionar, avaliar, etc... Sen estruturar o tempo para este tipo de actividades non é posible acadar eficacia na xestión.

O horario non lectivo do profesorado adicarase, entre outras, as seguintes tarefas:

- Asistencias a reunións de:
 - Equipos de Ciclo
 - Comisión de Coordinación Lingüística
 - Equipo de Normalización Lingüística
 - Equipo de actividades complementarias e extraescolares
 - Claustro
 - Consello escolar
 - Xunta de avaliación
 - Extraordinarias
 - Etc...

- Entrevistas cos pais, nais, titores/as
- Programación de actividades de aula, etc...

O profesorado, ademais de avaliar o desenvolvemento das capacidades do alumnado de acordo cos obxectivos xerais de etapa, deberá avaliar tamén os procesos de ensino e a súa práctica docente, así como o desenvolvemento do Proxecto Curricular de Centro (PCC).

Asemade facilitaráselle ó profesorado a asistencia a actividades de perfeccionamento e investigación educativa sen prexucio da asistencia obrigada as reunións de Claustro e Consello Escolar.

Os días non lectivos do mes de setembro adicaranse á planificación do curso escolar e no mes de xuño, nos días non lectivos levarase a cabo a cumprimentación de expedientes, elaboración da memoria final e demáis actividades propias de fin de curso

5.8. ÁREA DE SERVICIOS

A limpeza do Centro compételle ó Concello, quen a través de empresas especializadas e licitadas polo mesmo, lévao a cabo.

Asemade o Concello fixa as funcións do/a conserxe por depender este/a do mesmo.

VI. ANOTACIÓNS FINAIS

6.1. ELABORACIÓN

A elaboración deste Proxecto Educativo de Centro iniciouse no curso 2001/2002.

Para isto fixéronse numerosas reunións no horario non lectivo, nos que se trataron os distintos apartados que configuran o devandito Proxecto.

6.2. COÑECEMENTO E DIFUSIÓN

A finalidade deste Proxecto é a de servir de referente a toda a Comunidade Educativa polo que se disporá na Secretaría do Centro de copias para facilitar ós seus membros, cando o soliciten, ca obriga de devolvelas rematada a consulta, etc...

Asemade entregáraselle copia ó Claustro de Profesores/as, membros do Consello Escolar, Inspección e APA.

6.3. AVALIACIÓN

Para que o PEC sexa un instrumento útil para a mellora da xestión do Centro é necesario revisar periódicamente a súa implantación, así como o seu grao de utilidade e validez.

A avaliación será continua, formativa e sumativa tomando como referencia os obxectivos do Proxecto e a estrutura organizativa do Centro.

- Avaliación continua: Formará parte do proceso de actividade do Centro e orientarase de modo que proporcione á Comunidade Educativa unha información permanente do seu funcionamento.
- Avaliación formativa: Estará orientada a mellorar o proceso e os resultados, permitindo unha adecuación en cada momento para evitar a aparición de dificultades ou detectalas a tempo e poder facer os axustes necesarios.
- Avaliación sumativa: Ten como obxecto a comprobación de resultados. Analiza o programa na súa totalidade e pódese interpretar coma unha rendición de contas.

O Claustro de profesores/as nunha tarefa coordinada e promovida polo Equipo Directivo realizará a avaliación do Proxecto, dándolle un carácter fundamentalmente técnico.

O Consello Escolar, asesorado polo Equipo Directivo e orientado pola avaliación do Claustro fará a súa avaliación, que terá un carácter máis de supervisión e de control social.

6.4. MODIFICACIÓNS

Calquera Estamento da Comunidade Educativa poderá solicitar a modificación do Presente Proxecto a través dos seus representantes legais.

As progresivas modificacións que se fagan del, serán aprobadas polo Consello Escolar.

6.5. APROBACIÓN

O presente Proxecto Educativo de Centro (PEC), que substitúe ó anterior , foi aprobado polo Consello Escolar do CEIP Montel Touzet na reunión celebrada o 25 de Xuño de 2004.

